

INFORMACIÓN XERAL DO GRAO ELEMENTAL

A finalidade do grao elemental é promover a autonomía do alumno para que adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Currículo

Os estudos de grao elemental constan de 4 cursos, cada un dos cales ten unha duración dun curso escolar (de setembro a xuño). En cada un destes cursos impártense 3 materias:

- Linguaxe musical: 2 clases á semana de 1 h de duración.
- Educación auditiva e vocal: 1 clase á semana de 1 h de duración.
- Instrumento: 1 clase individual á semana de 1 h de duración
(cabe a posibilidade tamén de 1 clase adicional colectiva, segundo o instrumento).

A cualificación negativa en dúas ou máis materias impedirá a promoción do alumno/a ao curso superior. A cualificación negativa nunha materia permitirá a promoción ao curso seguinte.

O límite de permanencia en cada curso de grao elemental será de dous anos sen que en ningún caso os alumnos poidan permanecer máis de cinco anos no dito grao, é dicir, só se poderá repetir un curso dos catro.

HORARIOS

HORARIOS DAS MATERIAS GRUPAIS (Linguaxe Musical e Educación Auditiva e Vocal): o centro asignaralle a cada alumno un grupo (1ºA, 1ºB, 1ºC....) sempre tendo en conta o horario do colexio do neno para que non haxa coincidencias. Estes horarios faranse públicos a primeira semana de xullo*.

HORARIOS DA MATERIA DE INSTRUMENTO: o horario de instrumento acórdase co profesor correspondente o día da presentación, a principios de mes de setembro, antes do comezo das clases*.

COMEZO DA ACTIVIDADE LECTIVA PREVISTO: 11 DE SETEMBRO*